

# DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS

## VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Edificios Administrativos, San Caetano s/n - 15781 Santiago de Compostela

**Asunto: DENUNCIA DEFECTOS DE TRAMITACIÓN no expediente do proxecto do parque eólico Zudreiro, emprazado nos concellos de Moraña e Campo Lameiro da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/45).**

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con DNI. Nº. \_\_\_\_\_,  
\_\_\_\_\_, e con domicilio a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

### **EXPÓN:**

**Primeiro.** - O CAPITULO II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle o procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria para a formulación da declaración de impacto ambiental.

O artigo 37 desta lei establece o mecanismo de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas sobre os posibles efectos significativos do proxecto.

Simultaneamente ao trámite de información pública (30 días) o órgano substantivo deberá solicitar os informes preceptivos establecidos no apartado 2 do artigo 37 e que deberán estar debidamente motivado polo organismo emisor.

Unha vez finalizado este prazo, o órgano substantivo (Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais) ten a obrigação de poñer ao dispor das Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas aquela outra información distinta da prevista no apartado 3 que só poida obterse unha vez expirado o período de información pública a que se refire o artigo 36 e que resulte relevante para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto.

É dicir, o lexislador estableceu no apartado 5 do artigo 37 o procedemento de audiencia ás Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas, de todos os informes preceptivos emitidos polos organismos.

Desta forma as Administracións Públicas afectadas e o público interesado terá a posibilidade real de participar desde unha fase temperá nos procedementos de toma de decisións ambientais, a cuxo efecto "terá dereito a expresar observacións e opinións, cando estean abertas todas as opcións, á autoridade ou autoridades competentes, antes de que se adopte unha decisión sobre a solicitude de autorización do proxecto.

**Segundo.** - Resulta evidente a omisión do trámite de posta ao dispor das Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas de todos os informes preceptivos que resultan relevantes para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto.

**Terceiro.**- O artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que:

1. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo.

Uns e outros serán tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución.

2. En todo momento poderán os interesados alegar os defectos de tramitación e, en especial, os que supoñan paralización, infracción dos prazos preceptivamente sinalados ou a omisión de trámites que poden ser emendados antes da resolución definitiva do asunto. Ditas alegacións poderán dar lugar, se houber razóns para iso, á esixencia da correspondente responsabilidade disciplinaria.

Cuarto.-

Sentencia de 21 de enero de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Además, el TSXG asegura que, según la directiva europea, antes de adoptar la decisión definitiva sobre el proyecto que se promovía, es decir, antes de someterlo a información pública, la Xunta debió presentar los informes sectoriales. Al no hacerlo, según la Sala, las personas interesadas “no pudieron ejercer de forma plena su derecho a participar de forma efectiva y con pleno conocimiento de todas las opciones que se presentaban”.

El TSXG resalta que la directiva europea establece que “el público interesado tendrá la posibilidad real de participar desde una fase temprana en los procedimientos de toma de decisiones ambientales”, a cuyo efecto “tendrá derecho a expresar observaciones y opiniones, cuando estén abiertas todas las opciones, a la autoridad o autoridades competentes, antes de que se adopte una decisión sobre la solicitud de autorización del proyecto”.

Á vista do anteriormente exposto, e na condición de persoa interesada desta parte denúncianse os defectos de tramitación do expediente do **proxecto do parque eólico Zudreiro, emprazado nos concellos de Moraña e Campo Lameiro da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/45)**, pola omisión do trámite de posta ao dispor das Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas, dos informes preceptivos que resultan relevantes para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto, **SOLICITANDO** á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais a adopción das medidas administrativas oportunas, ao obxecto de non incorrer deliberadamente na vulneración dos dereitos constitucionais de participación que asisten.

Moraña, 24 de abril de 2023

Asdo. \_\_\_\_\_